

1) Le o texto e responde as cuestións que se plantexan a seguir

A institucionalización do proceso económico dota ó proceso de unidade e estabilidade; crea unha estrutura cunha función determinada na sociedade; traslada o lugar do proceso na sociedade, engadindo deste xeito significación a súa historia; centra o interese nos valores, os motivos e a política. Unidade e estabilidade, estrutura e función, historia e política deletrean de forma operacional o contido da nosa afirmación de que o sistema económico humano é un proceso institucionalizado.

A economía humana, pois, está incrustada e enredada nas institucións económicas e non económicas. A inclusión do non económico é vital. Pois a relixión ou o goberno poden ser tan importantes para a estrutura e o funcionamento da economía como as institucións monetarias ou a disponibilidad de ferramentas e máquinas que liberen o traballo da mande obra.

O estudo do lugar cambiante que ocupa a economía na sociedade non é, polo tanto, distinto do estudo da maneira en que está instituído o proceso económico nos distintos tempos e lugares.

Karl Polanyi. O sistema económico como proceso institucionalizado

- a) Que elementos segundo Polanyi se contemplan na análise dos sistemas económicos se ese se entende como un proceso institucionalizado?
- b) Sinala cal das dúas definicións de “economía” usa o autor . Xustifica a túa resposta cos argumentos proporcionados no texto.

2) Elabora unha composición na que expliques por que non se debería deducir que a situación económica dos países pobres débese o seu “retraso cultural”. Trata de redactar a explicación coas túas palabras pero inclúe as diferentes explicacións sobre esa situación económica (e cita ós autores) que aprendiches nesta unidade.